



UNIDADE 6

Lugares con encanto

Nesta unidade imos redactar un texto descritivo sobre algún lugar que nos guste.

Para iso, imos aprender:

- ♦ *as oracións de relativo: o emprego de **que, quen, cuxo/a/os/as***
- ♦ *o participio nas oracións relativas: a voz pasiva* ♦ *algúns verbos de percepción e de opinión* ♦ *a falar de cidades: describilas e comentar as súas calidades* ♦ *a falar de crenzas e informacións previas sobre algún tema*
- ♦ *a expresar sentimentos positivos, negativos ou neutros sobre algo* ♦ *vocabulario para describir cidades e do ámbito das viaxes*



1. DOUS LUGARES PARA DESCUBRIR

A. Aquí tes dous textos descriptivos sobre diferentes lugares da xeografía galega. Trata de identificar neles os seguintes elementos: situación, propiedades, partes, características, compoñentes e relación con outros.



1. Situadas no arquipélago das Illas Cíes, no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, ao que pertencen tamén as illas de Ons, Sálvora e Cortegada, as Illas Cíes están localizadas na entrada da ría de Vigo, na provincia de Pontevedra. Na cara leste destas illas podemos atopar fermosísimas praias, como a de Rodas, a de Figueiras ou a cala das Cantareiras. A beleza destas praias ten tanta sona que o xornal inglés *The Guardian* considerou a praia de Rodas como unha das dez mellores do mundo, pola beleza das súas augas azuis turquesa, en contraste coa brancura do seu areal.

A súa historia remóntanse á Idade de Bronce, cando houbo o primeiro asentamento de poboación. Na época romana, foron denominadas Illas dos Deuses, xa que se consideraban lugares paradisíacos. Durante a Idade Media instaláronse dous conventos: o de San Martiño e o de Santo Estevo, mantendo unha relación feudal coa poboación, que abandonaría o territorio a mediados do XVI, debido aos ataques dos piratas, entre eles o famoso Francis Drake que asolou as Cíes e a ría de Vigo.

Mantiveron unha pequena poboación, que foi decaendo cara a mediados do XIX, e a medida que ía aumentando o interese turístico, a partir da segunda metade do século XX, o despoboamento era máis latente. Dende hai varias décadas o turismo masivo comezou a ser un problema para a protección dos valores naturais deste arquipélago, que foi declarado parque natural en 1980. Hoxe en día, as Illas Cíes teñen a entrada restrinxida a un número determinado de persoas por día para protexer o seu contorno.



2. O Parque Natural Fragas do Eume é o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. Está encaixado no profundo canón que forma o río Eume e ocupa unha superficie de 9393 hectáreas nos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez na provincia da Coruña.

É un dos máis prezados tesouros botánicos de Galicia, xa que alberga algunhas especies de fiekios case exclusivas, que unicamente se poden atopar en moi contados enclaves da nosa xeografía. Só por iso é merecente de ser unha zona de especial protección dos valores naturais. Está formado por un bosque de carballos, castiñeiros, abeleiras, freixos, bidueiros e érbados, onde as ramas dificultan o paso da luz e do vento. Dese xeito manteñen unha humidade e unha temperatura case constantes no chan, dando lugar a unhas condicións idóneas para a multitude de especies de flora e de fauna.

O visitante verase abraiado polas cores que o arrodean, xa que os carballos cobren as abas que ascenden cara ao alto, e un imponente bosque de galería acompaña o ir da auga camiño do mar. Sombra, humidade e unha exuberante vexetación: o hábitat ideal para moitos seres vivos, como a salamántiga ou o leirón. O paso do home ao longo da historia evidénciase nos restos que están repartidos polo parque: varias mámoas e castros, os mosteiros de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, ou a Torre de Andrade.



Neste espazo natural pódense facer diversas rutas, con diferente duración e intensidade. A máis lixeira parte do refuxio de Cal Grande, dende onde se pode continuar ata o mosteiro de Caaveiro. Outra posibilidade é a ruta dos bosques, con itinerarios a través das fragas, dende o refuxio de pescadores de Cal Grande, pasando polas Neves, A Capela, a Ventureira, e polo mosteiro de Caaveiro. A excursión ten unha duración dunhas catro horas. En ambas o monitor acompaña os visitantes, explicándolles pola senda os valores naturais protexidos do parque.


B. Ponlle un título a cada un dos textos. Escribeos nos cadros brancos.

C. Pensa nalgún lugar que coñezas e prepara unha pequena descrición. Os teus compañeiros terán que adiviñar de que lugar se trata.

• Pois no lugar onde eu nacín hai unha muralla romana que dá a volta a toda a cidade e...

D. Pensa no lugar de onde ti procedes. Que títulos poderían encabezar un texto descritivo sobre el? Escribeos e coméntaos co teu compañeiro.

• Eu son de Santiago e creo que unha guía sobre a cidade podería titularse "O camiño que construíu Europa".






2. VILAS PINTORESCAS

A. Le as informacións extraídas dunha revista de turismo sobre Combarro e Mondoñedo, dúas vilas galegas. A partir das diferentes informacións, que adxectivos ou expresións relacionarías con cada unha?

orixinal	despoboad	ben conservada
literaria	chea de vida	un gozo para os sentidos
limpa	unha xoia	atractiva
monumental	chea de cor	illada
gastronómica	episcopal	donosa
antiga	un encanto	agropecuaria
histórica	ancorada no pasado	animada

Combarro

- ▶ Combarro, **en cuxa** postal se contempla unha impresionante beiramar de hórreos, é unha das vilas pesqueiras máis fermosas da costa galega.
- ▶ A vila, **á que** chegan turistas curiosos de todas as partes, constitúe un conxunto de interese artístico e encóntrase en perfecto estado de conservación.
- ▶ Os máis de 30 hórreos de pedra, ao longo **dos cales** se configura un belísimo paseo, delimitan a fronteira entre o mar e a principal rúa da vila.
- ▶ As casas mariñeiras, **nas cales** destacan as solainas balconadas de pedra, son de estilo barroco e datan dos séculos XVII e XVIII.
- ▶ Os bares e restaurantes de Combarro, **onde** se pode saborear un marisco moi fresco acompañado dun bo albariño, eran vellas casas mariñeiras de poucas estancias e pequenas dimensións.
- ▶ O turista, **para quen** a vila é un precioso agasallo, descobre en cada recuncho os detalles dunha poboación que soubo manter, de forma bastante fiel, a súa estrutura e o seu modo de vida.



B. Observa o que vai destacado en grosa e marca as palabras ás cales se refiren. Entendes como funcionan e por que se utilizan? Coméntao cos teus compañeiros.

3. A PARTE DO TODO

Observa estes pares de frases. Como interpretas cada unha delas? En que consiste a diferenza? Coméntao logo cun compañeiro e compara as vosas interpretacións.

- A igrexa que está no centro da vila é gótica.
- A igrexa, que está no centro da vila, é gótica.

- Os homes, que ían vestidos con traxe, non foron admitidos na festa.
- Os homes que ían vestidos con traxe non foron admitidos na festa.

- Os traballadores de Perru S.A., cuxos contratos se asinaron no 2000, recibirán un aumento de salario.
- Os traballadores de Perru S.A. cuxos contratos se asinaron no 2000 recibirán un aumento de salario.


Mondoñedo

- ▶ A vila, **na cal** aínda se conservan dolmens e petróglifos da Idade de Bronce, aséntase nun val e conserva unha importante cultura castrexa.
- ▶ A súa catedral, **cuxa** construción data dos séculos XIII e XIV, posúe trazos románicos e foi declarada monumento nacional en 1902.
- ▶ A Fonte Vella, **sobre a que** escribiu o famoso escritor Álvaro Cunqueiro, foi construída no ano 1548 e representa un dos principais atractivos do lugar.
- ▶ Carlos Folgueira García ou o *Rei das Tortas*, **quen** fixo viaxar a torta de Mondoñedo a todo o mundo, foi un dos personaxes máis curiosos nados nesa vila.
- ▶ Na segunda fin de semana de agosto a praza da Catedral e as principais rúas da vila convértese nun gran mercado medieval, **onde** os artesáns lles mostran ás persoas asistentes como se traballaba na Idade Media.
- ▶ Mondoñedo conta con varios monumentos, **entre os cales** destaca o Seminario Conciliar, que foi construído en 1583, sendo, entón, o terceiro de toda España.



4. QUEDEI ALUCINADA

A. Nunha web sobre viaxes, algúns turistas colgaron os seus testemuños sobre as cousas que máis os sorprendéron de Lisboa. Que che parecen as súas opinións? Aínda que nunca estiveses alí, seguro que sabes moitas cousas sobre esa cidade.



B. Fíxate nas correlacións verbais destacadas en azul. Sabes por que se fixeron desta maneira? Cres que hai outras alternativas válidas? Coméntao co teu compañeiro e, logo, aclarádeo co voso profesor.

C. Poderías facer comentarios similares sobre algún lugar que visitaches?

- *Eu recordo que cando fun a... pensei que ía encontrar...*

5. PARTICIPIOS

A. Observa os fragmentos do seguinte cadro. Sabes o que teñen en común, por que e para que se empregan?

construído na mesma boca da ría en 1577
 bañada polo río Miño
 construídos no alongamento da cidade a mediados do século vinte
 publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853
 situado á beira da praia homónima
 bautizada polos romanos como “a cidade de ouro”
 celebradas entre o segundo sábado e o terceiro domingo de agosto

B. As seguintes frases conteñen datos sobre diferentes cidades galegas. Fala co teu compañeiro e, entre os dous, escollede no cadro anterior o fragmento máis axeitado para completar a información que falta en cada unha.


- O castelo de San Felipe,
, defendía o estratéxico porto de Ferrol, impedindo o paso dos navíos hostís.
- Lugo,, é a cuarta cidade galega en poboación, despois de Vigo, A Coruña e Ourense.
- O xornal *Faro de Vigo*,
, é o diario decano da prensa galega e española.
- O Orzán,
 é a denominación popular da zona de ocio nocturna por antonomasia na cidade da Coruña.
- Ourense,, é unha cidade termal por excelencia, xa que alberga fontes de augas termais como as Burgas, o balneario da Chabasqueira, O Tinteiro, Muíño da Veiga e Outariz.
- As festas da Virxe da Peregrina,
, son as que teñen máis sona na comarca de Pontevedra.
- Os edificios do Ensanche,
 representan hoxe o núcleo comercial de Santiago de Compostela.

C. Agora, pensa en lugares da túa localidade ou doutra que coñezas e crea frases como as que acabas de ler.


Oracións de relativo

ORACIÓNES ESPECIFICATIVAS

As oracións de relativo permítennos conectar unha oración co substantivo ao que se refire (antecedente) e evitar así a repetición de elementos xa mencionados. Cando unha oración deste tipo permite distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto, denomínase oración especificativa.



As **casas** da vila **que están preto do río** teñen subministración de auga.



❗ Cando o substantivo ao que se refire a oración especificativa xa é coñecido polo contexto, pode non aparecer.

- **Os que foron ao concerto** din que foi increíble. (= as persoas que foron ao concerto)
- **Quen viu o filme** afirma que é o mellor do ano. (= calquera que viu o filme)

ORACIÓNES EXPLICATIVAS

As oracións de relativo que só engaden unha información sobre o antecedente, que non é necesaria para distinguilo, denomínanse oracións explicativas.

A cidade, **que é a máis importante do país**, conta con excelentes comunicacións e unha situación privilexiada.

Con este tipo de relativas engadimos unha información adicional que consideramos oportuno mencionar, pero que non constitúe a parte esencial da nosa mensaxe

As cidades europeas, **que teñen un alto nivel de vida**, tamén teñen problemas.

❗ As oracións de relativo explicativas poden ter como antecedentes unha oración.

- Disque **as grandes cidades poden resultar un pouco abafantes, que é certo**, pero teñen moitas outras cousas boas.
- **Non parou de chover en todo o día, o que obrigou a suspender** o concerto de Maná.

USO DO INDICATIVO/SUBXUNTIVO

Nas oracións especificativas, cando nos referimos a algo coñecido ou que sabemos que existe, o verbo vai en indicativo.

- Vouche mostrar unha foto que me **enviou** a miña irmá.

Pero cando nos referimos a algo cuxa existencia ou identidade concreta non coñecemos, o verbo vai en subxuntivo.

- Necesitamos un guía que **coñeza** moi ben a cidade.

As oracións de relativo explicativas necesitan, na inmensa maioría dos casos, un verbo en indicativo. O emprego do subxuntivo é moi pouco frecuente.

Partículas relativas

As oracións relativas poden referirse a substantivos que cumpren diferentes funcións na oración. Por iso, moitas veces as partículas relativas necesitan preposicións ou outros elementos para indicar esta función. Cando isto ocorre, os artigos **o/a/os/as** colócanse entre a preposición e o relativo.

QUE

- A **alcadesa de Bueu, que ocupaba** o posto desde hai oito anos, anunciou a súa retirada da política. (que = *suxeito*)
- Estou buscando **un restaurante que me recomendou un amigo**. (que = *obxecto directo*)
- Lembras **o hotel no que quedamos** cando fomos a Lima? (que = *complemento circunstancial de lugar*)

❗ Recorda que o artigo concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire.

O **rapaz** co que...

A **rapaza** coa que...

Os **rapaces** cos que...

As **rapazas** coas que...

Moitas veces omítese o artigo coas preposicións **a, con, de e en**.

- Iremos a unha festa no **colexio en (o) que estudamos**.
- Este é Xoán, un dos **rapaces con (os) que traballo**.

O CAL/A CAL/OS CALES/AS CALES

Nun rexistro máis culto, é frecuente o uso de **o cal**, **a cal**, **os cales** e **as cales**.

- O material **co cal** foron construídas as estatuas da praza Maior é irrompible.
- A terraza do edificio, **dende a cal** se pode contemplar toda a cidade, é un dos seus maiores atractivos.
- Os motivos **polos cales** marchou non son profesionais.
- As construcións prehistóricas, **as cales** visitaremos esta tarde, teñen fama mundial.

QUEN

Este relativo tamén aparece normalmente en rexistros cultos e só pode ter un antecedente humano, en singular.


- O rapaz a **quen** vin onte coa túa nai é teu irmán?
- O presidente, **quen** ten a última palabra, decidirá en caso de empate.

Cando o antecedente está en plural, recoméndase o emprego de **os/as que** ou **os/as cales**.

- Estas son as compañeiras de traballo **das que/cales** che falara o outro día.

CUXO/CUXA/CUXOS/CUXAS

Empregamos estas formas de relativo como substitutas da combinación **de** + substantivo (con carácter posesivo ou de pertenza), principalmente no rexistro culto.



Cuxo/a/os/as concordan en xénero e número co substantivo que acompañan, non co antecedente.

As persoas

- cuxo** emprego...
- cuxa** vivenda...
- cuxos** ingresos...
- cuxas** ocupacións...

ONDE

Serve para expresar localización no espazo e pode ter un antecedente explícito ou non.

- Por que non volvemos á vila onde estivemos o ano pasado? A min encantoume.
- Vaías onde vaías, eu seguireite.

Onde pode ir precedido de preposicións, pero non de artigos.

- Ninguén sabe o lugar **de onde** provén unha rocha encontrada en México.

Cando o antecedente de onde é un substantivo, pode ser substituído por **no/na/nos/nas + que** ou por **no/na/nos/nas + cal/cales**.

onde

- Esta é a casa **na que** naceu Picasso.
- na cal**

Construcións pasivas con participios

- O hotel, (que está) **situado** fronte á praia, ten unhas vistas preciosas.
- A igrexa, (que foi) **construída** no século XII, é un exemplo típico da arquitectura románica.
- Eses edificios, (que foron) **deseñados** por Gaudí, son unha xoia do Modernismo.
- As cartas, (que foron) **enviadas** esta mañá, chegarán nun par de días.

Falar de ideas previas ou expectativas

- A pasada fin de semana fun ao Cebreiro.



- | | |
|--|--|
| cría | me gustaría . |
| • Eu pensaba que sabía | ía gustarme , pero é que é increíble. formaba parte do camiño. |
| non cría | me gustaría tanto. |
| • Eu non pensaba que non sabía | me ía/fose gustar tanto. era/fose tan bonita. |

- **Sorprendeume moito** que **fose** tan pequena.
- **Quedei de pedra** coa cantidade de turistas.
- **Defraudoume** o restaurante onde comín.

Falar de sentimentos

- En Bos Aires...

... **sentínme como na casa/moi a gusto**.
 ... **namoreime** dalgunhas zonas dende o primeiro momento.
 ... **quedei alucinada** cos parques/**alucináronme** os parques.






6. A TÚA ESTRELA DAS VIAXES

En parellas, cada un de vós (A e B) ten que completar unha estrela coas informacións correspondentes ao voso compañeiro.

A

1. Un ano en que fixeches unha viaxe importante para ti.
2. O nome da primeira persoa da que te namoraches e coa que fuches de viaxe.
3. O nome da cidade/vila na que estudaches.
4. Unha palabra relacionada coas viaxes que che guste.
5. A viaxe da túa vida que aínda está por facer.
6. O número de países que coñeces.
7. O nome dunha cidade á que nunca irías/volverías de vacacións.
8.



B

1. O nome dunha persoa coa que nunca viaxarías.
2. Unha cidade na que vivirías.
3. Dúas razóns polas que che gusta/gustaría viaxar.
4. O nome dunha persoa coa que te sintas a gusto para viaxar.
5. Un produto que sempre leves na túa maleta.
6. Tres cousas sen as que non saes de viaxe.
7. O ano en que empezaches a viaxar.
8.

7. QUEIXAS E PROTESTAS



A. Agora vas escoitar unha viaxeira que tivo un problema no aeroporto. Comenta co teu compañeiro que farías ti na súa situación.

B. A continuación tes unha serie de informacións que deberías ter en conta á hora de viaxar. Sabías que tiñas dereito a estas compensacións? Coméntao co teu compañeiro.

Calquera deficiencia no servizo do transporte aéreo pode ser reclamada polos pasaxeiros, xa que teñen dereito a facelo.

A aeroliña que denegue un embarque, cancele un voo ou sufra un atraso de máis de dúas horas terá que facilitarlle a cada usuario un impreso coas normas sobre compensación e asistencia.

Como reclamar: cubrir a queixa na oficina da aeroliña (se é un voo combinado con máis dunha compañía entón hai que facelo na axencia de viaxes onde foi comprado o billete). Para queixas sobre a equipaxe hai que cubrir un parte de irregularidades no aeroporto.

Compensacións: se é por atraso de polo menos cinco horas, será efectuado un reembolso por parte da compañía. Se é de dúas horas ou máis en voos de entre 1500 e 3000 quilómetros, o pasaxeiro será informado das normas sobre reembolso e asistencia, ademais dun bono de comidas e refrescos. Se é por sobrerreserva (*overbooking*), será compensado con ata 250 euros por voos de ata 1500 quilómetros, 400 euros en voos de entre 1500 e 3000 quilómetros e 600 euros en voos de máis quilometraxe. No caso de cancelacións por parte da compañía, será reembolsado o importe do billete e facilitado o transporte ata o destino final.

- Pois eu non pensaba que fosen reembolsar o importe do billete por cancelacións.
- o Nin eu, eu cría que...

8. FELICIDADE ALTERNATIVA

A. Unha serie de organizacións deron a coñecer una lista de países clasificados segundo o grao de felicidade dos seus habitantes. Le o texto e di se estás de acordo cos criterios. Como cres que se vive no teu país ou na túa comunidade atendendo ás ideas do texto?

Vanuatu é o paraíso

O arquipélago de Vanuatu atópase no Pacífico Sur, entre Australia e as illas Fidxi, e está formado por 83 pequenas illas. A súa poboación (uns 200 000 habitantes) vive maioritariamente da pesca, non ten reservas de petróleo e ademais dende hai pouco é o lugar máis feliz da Terra.

Ese é o resultado dun estudo baseado en tres factores para decidir o índice de felicidade: a esperanza de vida, o benestar humano e as condicións ambientais. Estas son algunhas das conclusións do dito estudo, que pode converterse nunha guía para acadar a felicidade alternativa.

Vivir nunha illa: as illas puntúan mellor o índice. Quen vive nelas mostra máis autosatisfacción, ten unha esperanza de vida maior e ocúpase máis do seu contorno.

Fuxir do G8: os oito países máis poderosos (EEUU,

Rusia, Francia, Xapón, Alemaña, Italia, Reino Unido e Canadá) non son, nin moito menos, os máis felices. En parte débese ao baixo nivel de satisfacción persoal dos seus habitantes e a ansiedade polo status que confunde “ter máis” con “ser máis”.

Conformarse con pouco: os dominicanos, por exemplo, cuns niveis de consumo moi baixo, acadan o posto 27 na escala da felicidade e sitúanse moi por riba doutros países nos que os niveis de consumo son moi altos.

Valorar o grupo: as sociedades onde a vida comunitaria desempeña un papel importante considéranse máis satisfeitas. Vivir en democracia e valorar máis a lealdade ou a creatividade que a riqueza axuda a ser máis feliz.

Mudarse a Centroamérica: unha esperanza de vida de 70 anos, unha actitude positiva ante a vida e un uso racional dos recursos naturais converten a esta rexión na máis feliz do planeta.

B. Agora, en parellas, ides establecer os criterios para determinar a calidade de vida ou a satisfacción dos habitantes dunha cidade. Despois poñédeos en común co resto da clase e, finalmente, elaborade un cuestionario baseándovos nos criterios que escollestes. Logo, facédlle as preguntas á xente da rúa ou que coñezades. Está satisfeita coa cidade na que viven?

- *Eu creo que un dos criterios é o do tamaño, se a xente pensa que é moi grande ou pequena, non?*
- *Si, pero tamén é importante a cantidade de servizos. Se ten bibliotecas, ximnasios, hospitais... eu creo que poderíamos preguntar algo así como...*

9. NO VERÁN

A. Como é a cidade/vila onde vives durante a época de vacacións de verán? Cambia con respecto ao resto do ano? Coméntao con dous compañeiros.




B. Escoita agora unha persoa que conta como eran as vacacións nunha vila de Galicia. Coincide coa túa experiencia? Que cousas cambiaron? Coméntao co teu compañeiro.

- *No lugar onde vivo tamén se consome moito, así que...*



10. SABES DE QUE SITIO CHE FALO?

A. Observa estas fotos de diferentes lugares? Cal che gusta máis? Que emocións ou sensacións che provocan? Coméntao co teu compañeiro.



B. Agora escribe un texto descriptivo sobre algún dos lugares das fotos ou outro que ti coñezas. Podes buscar información sobre eles na web ou en revistas de viaxes, pero recorda que ten que ser un texto que invite o lector a visíto.


11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

A. Le o seguinte texto e ponlle un título que resuma o seu contido.

Máis da metade dos galegos enquisados afirma que non ten vacacións segundo os datos recollidos nun estudo sobre o clima social en Galicia. O máis salientable deste estudo é que o 55,5% dos galegos asegura que non vai de vacacións durante os meses de verán, neste grupo inclúense as amas de casa, os xubilados e os parados, que non cambian de hábitos durante os meses de vacacións (xullo e agosto). Ademais, hai que ter en conta que o 75% dos enquisados asegura que non gozaron das vacacións por non teren dereito a elas.

Pero as tres cuartas partes dos galegos que si teñen vacacións normalmente pásanas fóra do seu lugar de residencia: o 38,6% en Galicia, o 28,1% noutros lugares de España e o 14,6% nun lugar fixo do estranxeiro.

Os destinos favoritos dos galegos que quedan na comunidade son as zonas de costa, maioritariamente as Rías Baixas, onde vilas como Sanxenxo pode ver incrementada a súa poboación, de case 20.000 habitantes, ata os 100.000 durante os meses de verán. Outra opción para pasar as vacacións en Galicia é a das visitas ás distintas festas que hai durante todo o verán pola xeografía galega, algunhas delas con gran sona, como a Romaría Vikinga de Catoira, o Entroido de Verán de Redondela, o Apóstolo de Santiago, a Peregrina de Pontevedra, a Maruxaina de San Cibrao (Lugo), a da Historia de Ribadavia ou as do Carme en todas as vilas mariñeiras de Galicia. Todas elas fan que miles de galegos e visitantes se despracen para asistir aos diferentes eventos que os concellos propoñen para a diversión estival. Pero se hai algo que, de verdade, lles gusta aos galegos nas vacacións é “ir de festa” á casa dun familiar ou un amigo, porque en moitas vilas e aldeas celébranse festividades na honra de santos da tradición católica e nas casas agasállanse os invitados con xantares que se alongan ata a hora da cea.



B. Comenta co teu compañeiro a vosa opinión sobre o contido do texto. Estadades de acordo co que se di sobre os gustos dos galegos para pasar as vacacións?

12. AURIA

A. O seguinte fragmento pertence ao conto “O Estreno”, do libro de relatos *Os Biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor. Despois da súa lectura, imaxina o seu final. Animaríaste a lelo? Se é así, comproba as túas hipóteses.


B. Auria é o nome ficticio de Ourense que o novelista Eduardo Blanco Amor emprega nas súas obras e tamén neste relato. Coñeces algún dos lugares mencionados no percorrido que realiza o protagonista? Verifica se os lugares citados son reais ou tamén ficticios e tenta trazar sobre un mapa de Ourense o percorrido realizado.

C. Os elementos subliñados no fragmento, como adoita pasar con outros textos literarios de *Aula de Galego 4*, afástanse da normativa actual. Antes de adaptalo á norma, decide se as palabras marcadas non se adecúan por motivos léxicos, gramaticais ou ortográficos.

LÉXICOS	GRAMATICAIS	ORTOGRÁFICOS



D. Escoita agora dúas persoas que leron algunha das obras de Blanco Amor e que comentan como imaxinan Auria. Ven a cidade de xeito parecido? Como a describen?



Eduardo Blanco Amor (1897-1979) naceu en Ourense, cidade na que pasou a súa infancia e adolescencia e na que se iniciou no xornalismo, como secretario de dirección no xornal *El Diario de Orense*, e na vida cultural e literaria, xa que frecuentou os parladoiros de Vicente Risco. A cidade das Burgas tamén deixou unha importante pegada na súa obra, sendo o espazo literario -co nome ficticio de Auria- no que trascorren as súas novelas en galego. En 1919 emi-

Vina na Praza Maior. Nin daquela nin dempóis, reparéi tanto en ninguén. Levaba unha grande pamela con mapoulas de raso, cereixas de vidro, longa brida. Era branca, moi loira, curta de narís, os ollos gazos; beizos grosos, pálidos.

(...)

Xa non me puiden desapartar; non puiden, non. Seguina todo o tempo, aloeado, parvo, alleo de min.

(...)

Na rúa da Paz, cruzáronse con uns sibilantes, xa maiores (os da tenda de Bobillo i outros), que se deron de cóbado, como coñeándose delas, e non sei que lles dixeron ó pasar que se puxeron seriosas e buliron o paso.

Entraron na catedral, ategada de xente, e sórtiron de contado. Na praza da Verdura, detivéronse nos postos onde venden as olas i os cazolos de gis que fan en Leñoá. Tamén se pararon nos lateiros da rúa das Tendras, nos afiadores e parafuseiros da Praza Maior, nos zapateiros de banquilla da Fonte Nova, i asimade nos degraos da fonte, onde venden os queixos de teta i as manteigas frescas en folliñas de repolo.

Arreparaban en todo o que non era de arrexarar; nas casas vellas, nas fechaduras, ferrollos e chamadores das casas vellas; até nas de pallabarro, todas esfoladas, e non lle botaban nin xiquera unha ollada de paso, ós edificios novos dos comerciantes maragatos, erguidos a catro pisos nos seus bancos perpiaños, que eran a fachenda da cibdade.

Metéronse en Santa María la Madre, na Trindade, en Santa Eufemia e ficaron moito tempo, decorrendo todo moi de vagar. A dona asinaláballe á mocíña, chamándolle a atención de non se sabía qué: as paredes, os teitos, algúns santos (non todos), as lousas do chao...


Co esboirar das bombas (estabamos na eirexa de Santo Domingo) deime conta de que ía a perder a procesión, que me rifarían sin non chegaba a tempo pra véla pasar; pasaba propiamente por embaixo das nosas fiestras, i a miña irmá María del Carmen i a miña prima Obdulia, ían vestidas de angelitos. Pero non fun.

Logo subiron a San Francisco, entraron no camposanto. Eu xa non aturaba o calor. Baixaron de novo, metéronse pola Travesía, mercáronlle figos á tía Delfina, no remate da rúa de Alba, colleron pola carretera do Progreso. Dalle que dalle; eu abafado, elas tan campantes...

Pola pouca xente que se vía, deprocatéime que xa era hora de xantar, pro non me importóu. Seguiron pola carretera, baixaron perto da Ponte Maior, sentáronse nun penedo, quitaron as luvas, refrescaron as maus na iauga do río e puxéronse a debullar os figos, a comelos...

Víanme ben andar por alí, atoutiñado, como un abesouro, pro como si non me visen. Ríanse moito, a rapariga tiraba coíños ó río. Non ollaban pra min, debían de coidar que era un tolo. Eu seguía alleo a min, sentía dentro de min un abraiamento, un longo pasmo, un enlevo dóce que nunca sentira, e non era quén pra me desapartar, aínda que me berrasen, aínda que me tirasen pedras. Pro nin me miraban.

Dempóis botáronse a andar pola beira do río, i eu, como xa esmorecía de fame, deixéinas ir e voltéi prá miña casa.



grou a Bos Aires, onde continuou practicando un galeguismo activo. Tamén no eido xornalístico colaborou na fundación das revistas *Terra* e *Céltiga* e, en 1926, pasou a formar parte do xornal *La Nación*, onde coñeceu a escritores como Leopoldo Lugones, Borges ou Sábato. Asemade, na capital arxentina fundou e dirixiu o Teatro Popular Galego.

En 1928 volveu a España como correspondente de *La Nación*, actividade que repetiu entre 1933 e 1935. Nesta segun-

da estadia coñeceu e trabou unha grande amizade co poeta Federico García Lorca.

En canto á creación literaria, aínda que xa comezara a publicar en 1936, ata o 1959 non saiu o seu primeiro libro en galego, *A Esmorga*. Tres anos despois publicou o libro de relatos *Os biosbardos* e, en 1965, regresou a Galicia. Instalouse en Vigo e, en 1970, viu a luz a novela *Xente ao lonxe*. Tamén cultivou o teatro con dúas obras: *Farsas para Titeres* (1973) e *Teatro pra a xente* (1975).